



A Coruña, a 10 de marzo de 2023.

Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación

ASUNTO: ACTA N°27 TEMP 2022-23.

Equipos participantes: R.C.N. Vigo- C.W. Lugo

Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.

Data de celebración: 05/03/2023

FEITOS

- O día 7 de marzo foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuiz acta e anexo adxunto asinado polos arbitros do encontro no que se recolle:

"No minuto 00:49 do último período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador nº4 visitante, D. P. Carrodegas Estraviz (n° lic. 1017578), por protestar ás decisións arbitrais dende a auga cos brazos erguidos por fóra dela. Previamente fora xa advertido pola súa conduta. Inmediatamente despois da finalización do encontro achégase á mesa de secretaría para desculpase cos colexiados."

- O día 7 de marzo deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada dentro do citado prazo.

CONSIDERANDO

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos como infracción leve (art. 7. I.1.a).
- As desculpas como atenuante de arrepentimento espontáneo do art. 11.a).

RESOLVE

- Sancionar a D. P. Carrodegas Estraviz con número de licenza 1017578 xogador do C. W. Lugo cat. División de Honra Masculina con amoestación nesta categoría(art. 9.III.a).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco
Comité de Competición da FEGAN

